

# INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2015-2016

PROVISIONAL

FINAL DATA: 11 de setembro de 2017

DATOS DO TÍTULO	
Denominación do Título	<b>Máster en Nutrición</b>
Centro/s onde se imparte o título	<b>Facultade de Ciencias</b>
Resultado do proceso de seguimento	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input type="checkbox"/> CONFORME <input checked="" type="checkbox"/> NON CONFORME (D)

## Xustificación Xeral do Resultado:

### Cumprimento do proxecto establecido:


A titulación experimentou evolución positiva en aspectos como os derivados das modificacións e inclusións na páxina Web. E por outra parte as/os estudantes parecen satisfeitos co nivel do profesorado implicado na titulación. Hai tamén aspectos mellorables que veñen xa doutros anos e que non parecen terse abordados ou non con éxito (como p.ex., a coordinación entre materias). A titulación parece ter pouco peso no centro e apenas é mencionada no informe de revisión (concretamente só nos apartados Descrición da avaliación, Táboa % Sexenios, Táboa Extracto de satisfacción alumnos, Resultados de satisfacción, sección II.2.4). Isto podería amosar unha ineficiente integración da titulación no conxunto de procesos que mantén o centro, e dos que se podería beneficiar e, sen dúbida, podería contribuir á falta de medios que demanda o coordinador no seu informe de coordinación do 15/12/2016. Con todo, os/as estudantes non parecen detectar esa falta de medios persoais e materiais que menciona o coordinador, pero sí a falla de coordinación entre as materias e a organización temporal. O único persoal competente e capacitado para tratar este aspectos sería a CAM, coa coordinación do master á cabeza. Por outra parte, a dirección do centro apenas analiza as actividades da titulación (fortalezas e debilidades), e parece prescindir dunha titulación de posgrao cunha boa demanda (32 estudantes no curso 2015/16) e que imparte profesorado académico e externo de bo nivel.

Ambas partes deberían reflexionar se están a sacar beneficio.

### Plan de melloras do título:

A dirección do centro acaba de aprobar no seu informe de revisión a solicitude da adscrición da titulación a outro centro. Mentres, non se fai ningunha proposta de accións de mellora a espera de que ese cambio, que por certo implica a verificación do título, solucione todos os problemas da titulación.

Vigo, a 11 de setembro de 2017



Xosé María Gómez Clemente  
Director da Área de Calidade

## 1. Valoración do cumprimento

### Resultado:

- |   |                                   |  |
|---|-----------------------------------|--|
| <input type="checkbox"/> Conforme excelente | <input type="checkbox"/> Conforme | <input checked="" type="checkbox"/> Non Conforme |
| <input type="checkbox"/> A                  | <input type="checkbox"/> B        | <input checked="" type="checkbox"/> D            |
|   | <input type="checkbox"/> C        |  |

### Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	C
Información e Transparencia	C
Sistema de Garantía de Calidade	D
Recursos Humanos	D
Recursos Materiais e Servizos	C
Resultados de Aprendizaxe	C
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	D

### Plan de Melloras

Desenvolvemento	D
Seguimento	C
Coherencia	D

**CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:** Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
1.- Guías docentes das materias. <i>Fonte: Docnet e Memoria da titulación</i>	<p>Comprobar que as guías docentes de 3 materias elixidas aleatoriamente teñen os campos de competencias, contidos e metodoloxía docente correctamente cumprimentados nas dúas linguas e valorar se información é coherente coa memoria da titulación. (indicar neste campo las materias elixidas)</p> <p>Se houberse algún apartado sen información ou información incoherente, pódese comprobar ata 6 materias e verificar se é un erro sistemático ou puntual</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <b>Fortaleza:</b> Información completa coherente e polo menos en galego e castelán.</p> <p>Descrición da avaliación: <b>Todas</b> as materias da titulación foron correctamente cumprimentadas nas dúas linguas oficiais. Os diferentes contidos son incorporados de forma clara e coherente. O acceso a estas información faise desde a páxina Web da titulación.</p>

2.- Informe de Coordinación Fonte: <u>SGIC</u>	Analizar no rexistro do SGIC “ <b>R1 DO 0201 P1 Informe de Coordinación</b> ” (Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0201 P1 Planificación y desarrollo de la enseñanza) os mecanismos de coordinación docente.
	<p><b>Suxestión de valoración</b>  <u>Non conformidade:</u> Non hai informe de coordinación.</p> <p>Descrición da avaliación:                  Non consta entre os rexistros do SGIC o informe de coordinación aínda que ese informe foi aportado na documentación pola dirección. Os responsables do centro e titulación deberían ser conscientes da importancia de manter actualizados os rexistros do SGIC. Estes rexistros son o xeito de garantir o mantemento dun histórico das accións desenroladas imprescindibles para a análise e deseño de futuras accións na coordinación.</p>

### 1.1.1 Valoración do Criterio:

## 1 Organización e Desenvolvemento C

### 1.1.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Fortaleza	Guías en Docnet	Todas as guías da titulación foron correctamente rexistradas nas dúas linguas oficiais en Docnet.	
Non Conformidade	Informe de Coordinación	Rexistrar os informes de coordinación da titulación no SGIC	

### 1.1.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

**CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:** Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

Evidencias	Descrición
3.-Páxina web da Universidade, centro ou título	<p>Valorar se a información pública destes apartados do título é útil, intuitiva e actualizada.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• TFG/TFM (normativa, comisións de avaliación, temáticas, convocatorias, etc.)</li> <li>• Horarios, aulas e calendarios de exames.</li> <li>• Manual, procedementos, política e obxectivos de calidade</li> <li>• Profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias nas que imparte docencia, breve CV, etc.)</li> <li>• Informe de revisión pola dirección</li> </ul> <p><b>Suxestión de valoración</b>  <u>Recomendacións para a mellora:</u> Información incompleta e non moi accesible dalgunha cuestión.</p>
	<p>Descrición da avaliación:            Na páxina Web da titulación está claramente accesibles informacións respecto a:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• TFM (figura a normativa, comisións de avaliación, convocatorias, criterios de avaliación)</li> <li>• Os horarios das materias, pero non figuran as aulas utilizadas.</li> <li>• Información sobre as datas de exames e aulas pero non é actualizada (as aulas para a convocatoria do primeiro cuadrimestre segue pendente de confirmar!)</li> <li>• Manual, procedementos, política e obxectivos de calidade</li> <li>• Profesorado participante no máster incluíndo a súa experiencia docente e investigadora, categoría, materias á que está vinculado e datos de contacto. Non se atopa un breve CV</li> </ul> <p>Pero,</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Non figura un enlace ó informe de revisión pola dirección aínda que este está accesible na páxina Web do centro ó que está adscrito.</li> <li>• Correspondencia entre (número) o profesorado que figura na guía (DocNet) e a publicada na páxina Web (p.e. Química e Bioquímica Alimentaria).</li> </ul>

**1.2.1 Valoración do Criterio:**

**2 Información e Transparencia C**

**1.2.2 Xustificación do Resultado:**

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Aulas de exames	Elaborar e manter actualizada as aulas para exame	
Recomendacións para a mellora	Profesorado participante	Incorporar un CV resumido de cada un dos profesores	
Recomendacións para a mellora	Informe de revisión dirección	Incorporar un enlace ó informe de revisión por la dirección	

### 1.2.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:** Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
<p>4.- Actas do último curso da Comisión de Calidade: <i>Fonte: Evidencia 5 do Auto informe de Avalía</i></p>	<p>Comprobar nas actas que hai asuntos tratados na Comisión de calidade que xorden da implantación dos procedementos (por exemplo coordinación, orientación, practicas, promoción...)</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Evidenciase que os asuntos tratados na comisión non tratan de forma integral o desenvolvemento do sistema de calidade.</p> <p>Descrición da avaliación: Non se aportan evidencias que proben a integración dos obxectivos de calidade da titulación no SGIC do centro ó que está adscrito, de xeito que semella unha actuación bastante independente da titulación, á marxe do centro.</p>
<p>5.- Documentación do SGIC <i>Fonte: SGIC</i></p>	<p>Comprobar estes 2 rexistros de procedementos na aplicación para comprobar a implantación do SGC.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>R1 DO 0203 P1 Plan de acción titorial (anual)</b> <i>Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0203 P1 Planificación y desarrollo de la enseñanza</i></li> <li>• <b>R1 DO 0202 P1 Plan de Promoción do centro (anual)</b> <i>Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0202 P1 Promoción de las titulaciones</i></li> </ul> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Non conformidade:</u> Faltan todos os procedementos actualizados ou non son correctos.</p> <p>Descrición da avaliación: Non consta a elaboración correcta dos correspondentes informes de promoción da titulación e tampouco PAT (<i>DO0202 P1 e DO0203 P1</i>). Os documentos almacenados, que por certo non poden ser considerados como informes, non fan mención, en ningún caso a presente titulación. Isto aínda que no primeiro caso consta entre as accións de mellora a realización de xornadas de difusión dos obxectivos e alcance da titulación entre os posibles estudantes. Isto proba a baixa implantación do SGIC no centro e por extensión nesta titulación.</p>

**1.3.1 Valoración do Criterio:**

<b>3 Sistema de Garantía de Calidade</b>	<b>D</b>
--	----------

### 1.3.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Actas Comisión Calidade	As accións de mellora, actuacións e deseño de actividades de coordinación, PAT, etc. son actividades que debe coñecer a Comisión de Calidade de xeito que os membros poden incorporar experiencias e prácticas de aplicación entre as diferentes titulacións producindo sinerxías enriquecedoras.	
Recomendacións para a mellora	DO0202 P1 e DO0203 P1	Elaborar e elevar a Comisión de Calidade os informes anualmente. Estes informes deben ser rexistrados no SGIC.	

### 1.3.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:



**CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:** Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

<b>Evidencias:</b>	<b>Descrición</b>
<p>6.- Plan de Ordenación Docente <i>Fonte: Evidencia 15 do Auto informe de Avalía</i></p>	<p>Analizar na evidencia N°15 do auto informe o número e a categoría do profesorado, e se o número de profesores por materia e razoable.</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Distribucións de profesorado por materias ou a categoría do profesorado, mellorables.</p> <hr/> <p>Descrición da avaliación:</p> <p>No informe de auto-avaliación non se describe a distribución de profesorado nas diferentes materias nin tampouco porque se produce a distribución. Detéctase materias de peso relativamente pequeno con 3 o mais profesores participantes (Fisiopatoloxía, p.ex., 5) en soamente 7 das materias ten un coordinador único.</p> <p>A materia Dietética consta de 9 profesores dos cales 2 son coordinadores. Compartir a coordinación dunha materia pode ter sentido cando participa profesorado que non é da propia institución pero este non é o caso de materias como Estrutura do Corpo Humano, Fisioloxía Humana ou Fisiopatoloxía onde ambos coordinadores pertencen a UVigo. O mesmo se pode dicir de a reiteración dalgúns coordinadores en diferentes materias incluso aínda que o resto dos membros pertencen a institución. Noutro caso, como p.ex., Dietética, na que a meirande parte do profesorado é externo (6) non se explica a necesidade de 3 membros da institución, dous de eles coordinadores. A esta materia, de 4,5 créditos e 25 horas de POD (24,5 en DocNet), se lle asignaron no curso 2016/17, segundo consta na páxina Web da titulación, 2 horas/xornada (h/x) os días 9 e 10 de febreiro, 4 h/x os días 30 e 31 de marzo e 1 h/x o día 21 de abril.</p> <p>Aínda tendo en conta o carácter semipresencial da titulación, este tipo de peculiaridades deberían ser abordadas no informe e non soamente a análise da evolución do número de sexenios e quinquenios.</p>
<p>7.- Resultados da EAD <i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar a análise dos resultados asociados as enquisas de avaliación da docencia e no informe de revisión pola dirección</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Non conformidade:</u> Non hai reflexión.</p> <hr/> <p>Descrición da avaliación:</p> <p>Non se atopou ningún tipo de reflexión neste sentido no informe da dirección.</p>

**1.4.1 Valoración do Criterio:**

**4 Recursos Humanos** **D**

## 1.4.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Informe de auto-avaliación	Distribucións de profesorado por materias ou a categoría do profesorado, mellorables.	
Non Conformidade	Resultados da EAD	Non hai reflexión no IRD	

## 1.4.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

**CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:** Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
<p>8.- Enquisas de satisfacción cos recursos materiais e infraestruturas</p> <p><i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar a análise dos resultados asociados aos recursos materiais e infraestruturas no <u>informe de revisión pola dirección</u></p> <p><b>Suxestión de valoración</b>  <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai unha reflexión incompleta ou con resultados insuficientes s nin en todos os campos.</p> <p>Descrición da avaliación:                      No informe de revisión pola dirección non consta ningunha reflexión deste criterio. Isto é especialmente sorprendente tendo en conta os bos resultados nas enquisas de satisfacción do estudantado.</p>

### 1.5.1 Valoración do Criterio:

## 5 Recursos Materiais e Servizos C

### 1.5.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Informe de revisión pola dirección	Engadir reflexión sobre este criterio	

### 1.5.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:** Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

<b>Evidencias:</b>	
<p>9.- Listaxe de Traballos Fin de Grado/Mestrado</p> <p><i>Fonte: Evidencia 24 do Auto informe de Avalía</i></p>	<p>Comprobar que a distribución das cualificacións é razoable</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Fortaleza:</u> Hai unha distribución de cualificacións razoable.</p> <p>Descrición da avaliación: Hai unha distribución de cualificacións que parece razoable no reparto. As cualificacións van, en 24 presentadas/os, del 8 al 9, un 41.67%; del 7,7 ao 7, outro 41.67%; un seis (4,17%) y dos menores de 6 (5,5 y 5,3, un 8,33%).</p>
<p>10.- Indicadores por materia</p> <p><i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar a análise dos indicadores por materia e resultados académicos por materia no <u>informe de revisión pola dirección</u></p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Non conformidade:</u> non haber reflexión ou haber resultados moi deficientes.</p> <p>Descrición da avaliación: Non hai reflexión de ningún tipo sobre os resultados deste mestrado na revisión pola dirección do centro. Tampouco se incorpora ningún tipo de análise dos indicadores por parte do responsable do título.</p>

### 1.6.1 Valoración do Criterio:

## 6 Resultados de Aprendizaxe C

### 1.6.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Fortaleza	Evidencia 24	Distribución de cualificacións no TFM	
Non Conformidade	Indicadores por materia	Realizar a análise da distribución de resultados por materia.	

### 1.6.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

**CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO:** Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

<b>Evidencias:</b>	
<p>11.- Enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados das diferentes enquisas de satisfacción no informe de revisión <b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Reflexión incompleta ou valores insuficientes.</p> <p>Descrición da avaliación: A análise da satisfacción dos diferentes grupos de interese da titulación por parte da dirección é moi superficial indicando soamente un exemplo dos aspectos mellor e peor avaliados polos diferentes grupos. Deste xeito non se detectan aspectos que parecen preocupar os/as estudantes como por exemplo os aspectos relacionados coa orientación (preguntas 2-6) nas que parece haber insatisfacción forte ou a organización temporal, horarios, proporción entre horas teóricas e prácticas e coordinación entre as materias no que os resultados oscilan entre 2 e 2,5 (preguntas 8, 12 e 13). Os responsables da titulación deberían ter en conta os resultados a tenor do implicados que se mostran coa calidade (preguntas 21-23, con avaliacións de 5 sobre 5).</p>
<p>12.- Resultados asociados á política e obxectivos de calidade <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados dos indicadores asociados a política e obxectivos de calidade que integran o SGIC no <u>informe de revisión pola dirección</u>. <b>Suxestión de valoración</b> <u>Non conformidade:</u> Non hai reflexión.</p> <p>Descrición da avaliación: Non se realizou ningunha análise da evolución dos indicadores da titulación con os obxectivos de calidade do centro.</p>
<p>13.- Resultados académicos globais <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados globais da titulación no informe de revisión pola dirección <b>Suxestión de valoración</b> <u>Non conformidade:</u> Non haber reflexión e/ou valores moi insuficientes.</p> <p>Descrición da avaliación: Non se realizou ningún análise da evolución dos indicadores da titulación con os obxectivos de calidade do centro.</p>

**1.7.1 Valoración do Criterio:**

**7 Indicadores de Satisfacción e Rendemento D**

## 1.7.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Organización temporal das materias	Os indicadores amosan insatisfacción por parte das/os estudantes en aspectos de organización horaria, cronogramas e coordinación entre as materias...	
Non Conformidade	Informe de Revisión	No informe de revisión debe facerse unha análise dos resultados das titulacións de posgrao e desde logo dos indicadores asociados cos obxectivos de calidade do centro mentres este sigan adscritos ó centro.	

## 1.7.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

## 2. Plan de Melloras do Título

### Resultado:

- Conforme excelente**       **Conforme**       **Non Conforme**  
 **A**       **B**       **D**  
 **C**

### 2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse as accións desenvolvidas, o seguimento das accións dos cursos anteriores e a coherencia entre estas accións e os resultados do título, así como as accións levadas a cabo para dar resposta ás recomendación para a mellora establecidas nos distintos informes de avaliación externa.

Cuestións	Descrición
1.- Desenvolvemento Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	<p>Ver no epígrafe “1. Valoración do cumprimento” o número e a importancia dos puntos febles atopados. Indicar exemplos máis salientables no caso que os houberse</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Exemplo 1...</li> <li>• Exemplo 2...</li> </ul> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Non conformidade:</u> Non hai ningunha acción de mellora de xorda dos puntos febles atopados.</p> <p>Descrición da avaliación: Non hai ningunha acción de mellora que xorda dos puntos febles atopados. A Comisión de Calidade soamente parece interesada no cambio de adscrición desta titulación. Á espera de producirse este proceso, que implica a verificación do título, tería que haber unha proposta de mellora relativa ós puntos febles atopados.</p>
2.- Seguimento As accións de mellora que xurdiron o curso pasado desenvolvéronse de forma axeitada	<p>Valorar o grado de cumprimento e os resultados acadados das accións de mellora do curso pasado. Valorarase de xeito especial aquelas que xurdiran de procesos de avaliación externa.</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Non se evidencia un seguimento dalgunhas accións de mellora que non son de procesos de seguimento externo.</p> <p>Descrición da avaliación: O responsables do título incorporan a documentación un listado con 14 accións de mellora que xurdiron das accións de seguimento anteriores (aínda que non se incorporan todas). Non se anexan as correspondentes fichas e a lectura deste documento é difícil. Aínda así, boa parte delas, das que é responsable a CAM ou o propio centro decláranse como Pendentes cando o prazo de execución é entre xuño e xullo de 2016.</p>

<p>3.- Coherencia As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?</p>	<p>Analizar se os puntos febles pódense solucionar a partir das accións de mellora.</p> <p>Analizar se as actuacións a desenvolver xorden das accións de mellora</p> <p>Analizar se os prazos e responsables son os axeitados para levar a cabo as accións de mellora</p> <p>Indicar exemplos máis salientables no caso que os houberse</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Exemplo 1...</li> <li>• Exemplo 2...</li> </ul> <p><b>Suxestión de valoración</b></p> <p><u>Non conformidade:</u> As accións de mellora de xeito xeral non son capaces de solucionar o problema (Responsables inadecuados, prazos moi longos ou curtos, accións que non resolven o problemas,...)</p> <p>Valorar a análise dos indicadores por materia e resultados académicos por materia no <u>informe de revisión pola dirección.</u></p>
	<p>Descrición da avaliación:</p> <p>Non hai ningunha acción de mellora que xorda dos puntos febles atopados nin para recoller as accións non completadas nos plans anteriores.</p>

## 2.1 Valoración do Criterio:

<b>Desenvolvemento</b>	<b>D</b>
<b>Seguimento</b>	<b>C</b>
<b>Coherencia</b>	<b>D</b>

## 2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Non Conformidade	Plan de mellora	Elaborar un plan de mellora no que se recollan os puntos febles detectados independentemente da futura adscrición da titulación.	

## 2.3 Alegacións do Plan de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: